



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

ACTA DE VALORACION DOS ASPIRANTES Ó POSTO DE EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE PONTECESURES.

En Pontequesures, a doce de marzo de 2021, reunido na Casa do Concello de Pontequesures o órgano de selección para 1 posto de auxiliar administrativo do Concello de Pontequesures, formado polo Xefe de Unidade de Administración Xeral do concello, Ricardo Campos Saborido, que actuará de Presidente deste tribunal; polo Técnico de Xuventude do concello, Francisco Freiría Oliveira, que actuará coma vogal; e o Técnico de Emprego José Rodríguez Fructuoso, que actuará de vogal e secretario. Este tribunal acorda o seguinte:

Estableceuse primeiramente unha ficha de datos persoais que cada un/unha dos/das aspirantes ten que cumprimentar, así como posteriormente a elaboración dun baremo baseado na situación persoal dos candidatos/as. Así mesmo, acordouse a elaboración de 2 probas, unha delas a realización dun test de 40 preguntas sobre informática; e a outra a desenvolver por cada aspirante nun ordenador e para comprobar o grado de coñecemento dalgunhas das aplicacións informáticas manexadas consistiu na realización duns supostos no tratamento de textos Word.

Iniciado o acto procédese a realizar as correspondentes entrevistas entre todas aquelas persoas candidatas que, de conformidade coa oferta remitida pola oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, presentáronse catro dos/as candidatos: Sonia M^a Carbia Torres; Gemma M^a Castro Agrasar; Susana Dopazo Rodríguez; e Antonio Fernández Garrido.

Non se presentou Andrea Da Rocha Calvo.

Seguidamente as tres aspirantas cubriron a ficha de datos persoais, para a continuación proceder á realización das probas informáticas e escritas.

Logo da reclamación interposta por unha das participantes, excluíuse a Antonio Fernández Garrido por non estar empadroadado en Pontequesures, requisito imprescindible segundo se establece na punto 8.3 das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2021.

Trala corrección destas probas as puntuacións definitivas foron estas:

Gemma M ^a Castro Agrasar.....	5,40 Puntos
Susana Dopazo Rodríguez.....	4,77 “
Sonia M ^a Carbia Torres.....	2,80 “

Tendo en conta o anteriormente exposto, resulta proposta para a súa contratación por este órgano de selección:
Gemma M^a Castro Agrasar.

No caso de renuncia dalgún dos anteriores candidatos propostos, as vacantes cubriranse pola orden de puntuación que figura nesta acta.

De todo o cal esténdese a presente acta que en mostra da súa conformidade asinan os membros do tribunal.

Asdo.- Francisco Freiría Oliveira.

Asdo.- Ricardo Campos Saborido.

Asdo.- José Rodríguez Fructuoso.

